

CONCRECIÓN CURRICULAR: MODIFICACIÓN NA AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN.

A publicación da *ORDE do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación no ensino de Educación Primaria, de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato no sistema educativo de Galicia* ten por obxecto actualizar a normativa sobre avaliación e promoción na Educación Primaria.

A avaliación ten como finalidade principal valorar os procesos e os resultados de aprendizaxe do alumnado, así como da práctica docente. Así, os docentes deben establecer indicadores de logro nas súas programacións docentes.

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grado de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos, os criterios de avaliación e, no seu caso, os estándares de aprendizaxe recollidos no Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A avaliación do alumnado será continua e global, tendo en conta o progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe. O proceso de avaliación realizarase con total obxectividade.

No caso do alumnado con NEAE, os referentes de avaliación no caso de alumnado con adaptación curricular, serán os incluídos na adaptación realizada, sen que isto poda impedir a promoción ao curso ou á etapa seguinte. Ademais, cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas poderán adoptarse en calquera momento do curso, no momento de detección das dificultades, garantindo así a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, polo que ser competente supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxe e aplicar o que se aprende dun xeito integrador.

Para valorar o grao de adquisición das competencias clave, teranse en conta os estándares de aprendizaxe das diversas áreas que se relacionan cunha mesma competencia, formando o perfil desa competencia.

CRITERIOS DO CENTRO EN RELACIÓN Á PROMOCIÓN

O alumnado poderá promocionar ao curso ou etapa seguinte sempre que se considere que logrou acadar os obxectivos establecidos correspondentes a dito curso ou etapa, acadando tamén o grado de desenvolvemento das competencias correspondentes.

En caso contrario, o alumnado que non acade os obxectivos establecidos ao curso ou etapa, permanecerá un ano máis no mesmo curso, ocorrendo soamente nos cursos de SEGUNDO, CUARTO E SEXTO da etapa de Educación Primaria. A decisión de permanencia do alumnado durante un ano máis no mesmo curso, realizarase tendo en conta que a decisión debe ser tomada de xeito colexiado, tomando en especial consideración o criterio do titor/titora.

Esta medida só poderá ser adoptada unha soa vez ao longo de toda a etapa educativa e irá acompañada dun plan específico de reforzo. Esta decisión tomarase oídas as nais, pais ou persoas que exerzan a tutoría legal.

A permanencia no mesmo curso durante un ano máis (2º, 4º ou 6º) é considerada unha medida de carácter excepcional que se levará a cabo tras aplicar medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas sen éxito.

Deste xeito, o alumnado de 2º, 4º ou 6º promocionará cando:

- Supera os obxectivos de ciclo, curso ou etapa, sendo avaliado positivamente en todas as áreas.
- É avaliado negativamente nunha ou dúas áreas, sempre e cando teña desenvoltas as competencias claves necesarias para continuar nese ciclo ou etapa e así o considere oportuno o claustro de docentes a través do consenso.

Ao finalizar os curso de 2º e 4º da etapa, o profesorado titor emitira un informe sobre o grado de adquisición das competencias de cada alumno ou alumna, indicando, no seu caso, as medidas de reforzo que se deben contemplar no ciclo seguinte.

Cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa, dun informe elaborado polo titor ou titora sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias. En caso do alumnado con NEAE, o informe deberá reflectir tamén as adaptacións e medidas adoptadas e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa.